



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE FEBREIRO DO 2025.**

**Sesión 04/2025-P**

**SRES/RAS ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)

**CONCELLEIROS**

Grupo Sadamaioría (SM)

D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira

D. Marcos Villar López

D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández

D. Xosé Fernando Fariña Andrade

D<sup>a</sup> Patricia Martínez Abruñedo

D. Ricardo Berrocal Fariña

Grupo Unidos por Sada (UPSA)

D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa

D. Sergio García López

D. Breogán Blanco González

Grupo Partido Popular de Sada (PP)

D<sup>a</sup> Esperanza María Arias Ferreiro

D. Fernando España López (Chano)

D<sup>a</sup> María Isabel Val Armesto

D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)

Grupo Mixto (GM)

D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)

**NON ASISTEN**

D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral

(UPSA; con escusa)

D<sup>a</sup> Almudena Pena Álvarez

(GM, «PSOE, independente»; con escusa)

**SECRETARIA**

D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas

No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 27 de febreiro do 2025, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnense os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de febreiro do 2025 do Concello de Sada.

**1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 03/2025).**

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 03/2025, extraordinaria e urxente do 07 de febreiro; o sr. Graña Mosquera indica que na votación do punto 3º (POS+2025) figura erroneamente como abstención "1 GM-BNG", cando o que debe figurar como abstención é "1 GM-PSOE".



Logo de se someter a votación, apróbase por unanimidade modificar o texto, e así na votación do asunto do punto 3º (POS+2025) onde di “- Abstencións: 5 (4 PP e 1 GM-BNG)” pasa a dicir “- Abstencións: 5 (4 PP e 1 GM-PSOE)”.

Non habendo máis intervencións, queda aprobada a dita acta, coa corrección indicada, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

## **2º.- PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO NÚCLEO RURAL DA CAÑOTA - MEIRÁS (APR-PEORN-02-08).**

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo do 20 de febreiro do 2025, que recolle:

«Primeiro: Aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior do Núcleo Rural da Cañota (APR-PEORN-02-08).

Segundo: Publicar o acordo de aprobación definitiva do Plan Especial no Diario Oficial de Galicia, indicando o enderezo electrónico en que figurará o contido íntegro do plan á disposición ao público e a referencia do Diario Oficial de Galicia na que se publicou o Informe Ambiental Estratéxico.

Terceiro: Publicar a normativa do Plan Especial no Boletín Oficial da provincia.

Cuarto: Inscribir o Plan Especial no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia».

Interveñen o presidente, sr. Portela Fernández (SM); o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Arias Ferreiro (PP); e a sra. Nogareda Marzoa (UPSA).

A continuación procédeuse a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior do Núcleo Rural da Cañota (APR-PEORN-02-08).

Segundo: Publicar o acordo de aprobación definitiva do Plan Especial no Diario Oficial de Galicia, indicando o enderezo electrónico en que figurará o contido íntegro do plan á disposición ao público e a referencia do Diario Oficial de Galicia na que se publicou o Informe Ambiental Estratéxico.

Terceiro: Publicar a normativa do Plan Especial no Boletín Oficial da provincia.

Cuarto: Inscribir o Plan Especial no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

## **3º.- CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE SADA DUN TREITO DAS ESTRADAS DP-0812 SADA-ESPÍRITO SANTO, E DP-0813 SADA-ARMUÑO.**

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 21 de febreiro do 2025, que recolle:

«Primeiro.- Solicitar á Deputación da Coruña o cambio de titularidade a prol do Concello de Sada do treito inicial da estrada DP-0812 (PQ 0+000 A PQ 1+000) nas seguintes fases:

1ª Fase.- Tramo PQ 0+000 a PQ 0+250 afectado pola execución do proxecto.

2ª Fase.- Tramo PQ 0+250 a PQ 1+000 unha vez realizado, por parte da Deputación da Coruña, o acondicionamento deste tramo de estrada acordado entre a institución provincial e o Concello de Sada.

Segundo.- Solicitar á Deputación da Coruña o cambio de titularidade a prol do Concello de Sada do treito inicial da estrada DP-0813 (PQ 0+000 A PQ 0+300) nas seguintes fases:

1ª Fase.- Tramo PQ 0+000 a PQ 0+070 afectado pola execución do proxecto.



*2ª Fase.- Tramo PQ 0+070 a PQ 0+300 unha vez realizado, por parte da Deputación da Coruña, o acondicionamento deste tramo de estrada acordado entre a institución provincial e o Concello de Sada».*

A secretaria manifesta que cando se conformou a orde do día estaba de permiso e que vai facer a advertencia de que fronte ao informe desfavorable da Deputación non consta informe técnico municipal que o rebata.

Interveñen o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, facendo unha exposición.

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) que di que entende que a cesión non é moi custosa para o Concello e pode incluso mellorar a xestión e que é un paso previo necesario para a apertura do río dá lectura a unha parte do informe do enxeñeiro da Xunta no relativo á Directiva marco da UE.

A sra. Arias Ferreiro (PP), que sinala que todos os veciños están desexando que se resolva a situación e dá lectura a parte do informe da Deputación e á ausencia de informe municipal que contraríe ao sinalado pola Deputación, recorda o exemplo da avenida de Sada y sus Contornos. Recorda que xa na comisión preguntou por que non se inclúe o convenio na orde do día e propón que se deixe o asunto sobre a mesa e que se cumpran os acordos plenarios do simulacro.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA), que manifesta que non entende a presa por asumir estas vías cando nin sequera existe o proxecto, xa que hai que asumir uns custos, polo que non hai necesidade de asumir iso ata que non haxa seguridade de que o proxecto se vaia levar a cabo, recorda Sada y sus Contornos e di que apoiarán a decisión de deixalo enriba da mesa porque o expediente non está completo, falta un informe técnico.

Intervén o presidente, sr. Portela Fernández (SM), para dicir que a cesión é a responsabilidade do Concello dentro do convenio con Augas, que é a redactora do proxecto e a promotora, dende o punto de vista hidráulico e dende o punto de vista urbanístico o de tapar o río para favorecer o coche era do 70, pero agora o que se pretende é que se chegue andando a todas partes, e di que van cumprir a súa parte do convenio. A continuación fai referencia a experiencias doutras localidades e pide que cando se presenten ás eleccións lle digan a verdade á xente e intenten cumprir.

Replica a sra. Arias que non entende como di que está a cumprir parte dun convenio que non foi a pleno aínda, e pregunta se o estudo se fixo un sábado de Feirón. Recorda que en ningún momento dixeron que non estaban a favor do proxecto, o que recalcan é que hai que ter en conta a parte social e urbanística e se se pode mellorar hai que facelo e intentar minimizar os danos.

A sra. Nogareda replica dicindo que non sabe se o feito de que estea o salón plenario cheo fai que se veña arriba e volve lear a madeixa, recorda que ninguén dixo que non estivera de acordo co proxecto, pero incide en que hai que ter en conta outras medidas. Pídelle que non engane.

Remata o sr. Portela a quenda de intervencións.

A continuación procédese a votar deixar o asunto sobre a mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (4 UPSA e 3 PP).
- Votos en contra: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Abstencións: Non se producen.

Resultando rexeitada por maioría absoluta dos asistentes a proposta de deixar o asunto sobre a mesa.

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 7 (4 UPSA e 3 PP).
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por maioría absoluta dos asistentes o seguinte **ACORDO:**



Primeiro.- Solicitar á Deputación de A Coruña o cambio de titularidade a prol do Concello de Sada do treito inicial da estrada DP-0812 (PQ 0+000 A PQ 1+000) nas seguintes fases:

1ª Fase.- Tramo PQ 0+000 a PQ 0+250 afectado pola execución do proxecto.

2ª Fase.- Tramo PQ 0+250 a PQ 1+000 unha vez realizado, por parte da Deputación da Coruña, o acondicionamento deste tramo de estrada acordado entre a institución provincial e o Concello de Sada.

Segundo.- Solicitar á Deputación de A Coruña o cambio de titularidade a prol do Concello de Sada do treito inicial da estrada DP-0813 (PQ 0+000 A PQ 0+300) nas seguintes fases:

1ª Fase.- Tramo PQ 0+000 a PQ 0+070 afectado pola execución do proxecto.

2ª Fase.- Tramo PQ 0+070 a PQ 0+300 unha vez realizado, por parte da Deputación da Coruña, o acondicionamento deste tramo de estrada acordado entre a institución provincial e o Concello de Sada.

#### **4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL RECADACIÓN DE TAXAS.**

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 21 de febreiro do 2025, que recolle:

«PRIMEIRO.- Delegar na Deputación provincial Da Coruña as facultades de recadación dos seguintes tributos locais:

- Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo
- Taxa por conservación e vixilancia do cemiterio municipal
- Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras

As facultades de recadación en período voluntario e executivo das débedas por recibo dos tributos que se indican, abarcarán cantas actuacións comprendan de acordo a lexislación aplicable.

SEGUNDO.- Polo exercicio das funcións delegadas, previstas no presente acordo, a Deputación Provincial da Coruña percibirá a contraprestación económica aprobada na súa ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos tributarios».

Interveñen a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, quen fai unha exposición; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Arias Ferreiro (PP), quen anuncia que o seu grupo hase abster; a sra. Nogueira Marzoa (UPSA), quen tamén anuncia a abstención do seu grupo; e o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: 7 (4 UPSA e 3 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Delegar na Deputación provincial da Coruña as facultades de recadación dos seguintes tributos locais:

- Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo.
- Taxa por conservación e vixilancia do cemiterio municipal.
- Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras.

As facultades de recadación en período voluntario e executivo das débedas por recibo dos tributos que se indican, abarcarán cantas actuacións comprendan de acordo a lexislación aplicable.

SEGUNDO.- Polo exercicio das funcións delegadas, previstas no presente acordo, a Deputación Provincial da Coruña percibirá a contraprestación económica aprobada na súa ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos tributarios.

#### **5º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1P/2025.**



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000004

---

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 21 de febreiro do 2025, que recolle:

*«Único.- A autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas e resto de documentos incluídos no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 48.704,48 €.*

ANEXO I  
RELACIÓN DE GASTO INCLUIDO NO EXPEDIENTE

| Registro de Entrada | Data Registro Entrada | Nº de Factura    | Data da Factura | Importe Total | CIF/NIF   | Proveedor                                     | Concepto   | Aplicación                |       |
|---------------------|-----------------------|------------------|-----------------|---------------|-----------|---|--|---------------------------|-------|
| F/2023/4950         | 14/12/23              | R31000756408     | 01/12/23        | 46,59         | A15474281 | R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U. | Teléfono fixo e internet da piscina municipal do mes de novembro 2023  | 342.0.22200 (18,15 €)     |       |
| F/2023/4964         | 14/12/23              | R31000751248     | 01/12/23        | 384,54        | A15474281 | R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U. | Teléfono fixo e internet Centros Sociais, teléfono fixo Colexio Carnoedo e Amas de Casa do mes de novembro 2023          | 342.0.22203 (28,44 €)     |       |
|                     |                       |                  |                 |               |           |   |  | 337.0.22203 (290,36 €)    |       |
|                     |                       |                  |                 |               |           |   |  | 337.0.22200 (58,60 €)     |       |
|                     |                       |                  |                 |               |           |   |  | 3230.0.22200 (21,06 €)    |       |
|                     |                       |                  |                 |               |           |   |  | 9200.0.22200 (14,52 €)    |       |
| F/2023/4967         | 14/12/23              | R31000751216     | 01/12/23        | 2654,86       | A15474281 | R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U. | Internet, metroxeth do edificio administrativo e Xulgado de Paz e mantemento de equipos de comunicacións novembro 2023   | 9200.0.22200 (508,20 €)   |       |
|                     |                       |                  |                 |               |           |   |  | 9200.0.22799 (1.681,90 €) |       |
|                     |                       |                  |                 |               |           |   |  | 9200.0.22203 (464,76 €)   |       |
| F/2023/4986         | 01/01/23              | A132/2017        | 21/06/17        | 3908,83       | B15686587 | GARCIA INSUA ELECTRICIDAD, S.L.               | Subministración, materiais e adecuación do cadro eléctrico para festas segundo orzamento 102/2015                        | 338                       | 22626 |
| F/2024/1142         | 14/03/24              | E 24000042       | 12/03/24        | 968           | G32164956 | FUNDACION FERIAS Y EXPOSICIONES DE OURENSE    | Servizo de consultoría do Estudo de viabilidade da concesión do servizos público do complexo deportivo de Sada.          | 342                       | 22706 |
| F/2024/1867         | 07/05/24              | FE24137007757953 | 03/04/24        | 274,95        | A65067332 | GAS NATURAL SUR SDG, S.A.                     | Subministración eléctrica marzo cups ES0022000008017993GL1P  | 160                       | 22100 |
| F/2024/2532         | 13/06/24              | PI24142000208795 | 12/06/24        | 341,74        | A61797536 | GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.             | Electricidade pavillón municipal 01/05/24-31/05/24 CUPS ES002200000796697VV1P  | 342                       | 22100 |
| F/2024/4196         | 07/10/24              | 05/21-12/23      | 02/10/24        | 385,11        | H15552920 | COMUNIDAD DE PROPIETARIOS FIUNCHEDO, 24       | Cotas comunidade de propietarios Fiunchedo 24 (Nave de Obras e Servizos) periodo: abril 2021 a decembro 2023.            | 9201                      | 22699 |
| F/2024/4779         | 13/11/24              | A 33             | 31/10/24        | 1783,08       | B15006869 | CERAMICAS DO CASTRO S.L.                      | Consumo de auga da ""Pía do Loureiro"" O Castro 2021 - 2024.   | 337                       | 22101 |
| F/2024/4978         | 22/11/24              | 046/2024         | 22/11/24        | 1381,23       | 79318100R | JUAN MANUEL VEIGA VAZQUEZ                     | Levantamento topográfico de camiños en Lavadoiro Alborelle e Quintán.  | 453                       | 22706 |
| F/2024/5067         | 04/12/24              | 207 2490075      | 30/11/24        | 821,44        | A15145535 | HORMIGONES BERGANTIÑOS, S.A. (HORBESA)        | Subministro de 7 unidades de formigón HA-25/B/12/XC2 e 7 bolsas fibra para amaño de beirarrúas de Carnoedo.              | 453                       | 21000 |
| F/2024/5196         | 11/12/24              | FE24137025643799 | 10/11/24        | 92,99         | A65067332 | GAS NATURAL SUR SDG, S.A.                     | Electricidade cemiterio municipal 02/10/24-06/11/24 ES0022000007463087MB1P   | 164                       | 22100 |
| F/2024/5267         | 11/12/24              | F241952          | 31/10/24        | 92,69         | B70554282 | GRUPO NOSIR, S.L.                             | Subministro de descargador cisterna, latiquillos, chave escuadra e portarrollos para aseos do Cemiterio Municipal.       | 164                       | 21000 |
| F/2024/5283         | 11/12/24              | F241571          | 30/08/24        | 1070,51       | B70554282 | GRUPO NOSIR, S.L.                             | Cemento reposición Nave Obras,mallazo beirarrúa Tarabelo (Xeitoxiña),mat.constr. amaño Paseo Fama e beirarrúa Carnoedo.  | 453.0.21000 (523,30 €)    |       |
|                     |                       |                  |                 |               |           |   |  | 1532.0.21000 (55,85 €)    |       |
|                     |                       |                  |                 |               |           |   |  | 9201.0.22199 (491,36 €)   |       |
| F/2024/5326         | 17/12/24              | 40- 24           | 09/12/24        | 1113,2        | B70323134 | DAVIRYS S.L.                                  | Asistencia por servizos no Cemiterio Municipal os días: 30/11/24, 01/12/24 (2 servizos) ,02/12/24, 03/12/24 e 09/12/24.  | 164                       | 22799 |
| F/2024/5494         | 23/12/24              | 463              | 31/10/24        | 255,21        | B70185640 | FERRETERIA RO-MI-A, S.L.                      | Subministro de diverso material de ferraxería para reposición do Cemiterio Municipal (lixivia,vasoiras,recolledores...). | 164                       | 22199 |
| F/2024/5522         | 26/12/24              | 1240264227       | 24/04/24        | 119,69        | G28029643 | SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES         | Dereitos da representación ULTIMO VERAN EN SANTA CRISTINA o 30/03/2024 na programación do 1º Semestre de AGADIC 2024.    | 3340                      | 22609 |
| F/2024/5523         | 26/12/24              | 1240264228       | 24/04/24        | 119,69        | G28029643 | SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES         | Dereitos da representación o 17/03/2024 O FURANCHO na programación do 1º Semestre AGADIC 2024.                           | 3340                      | 22609 |
| F/2024/5524         | 26/12/24              | 1240265188       | 26/04/24        | 50,14         | G28029643 | SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES         | Dereitos do concerto CANTANDO CON PINOCHO o 22/03/2024 na programación do 1º Semestre AGADIC 2024.                       | 3340                      | 22609 |
| F/2024/5525         | 26/12/24              | 1240264229       | 24/04/24        | 18,67         | G28029643 | SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES         | Dereitos do concerto da ASOCIACION MUSICA Y DANZA QUEIROA o 24/03/2024 no FESTIVAL DE ACORDEON.                          | 3340                      | 22609 |
| F/2024/5526         | 26/12/24              | 1240620179       | 17/12/24        | 15,43         | G28029643 | SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES         | Dereitos do concerto da CORAL A LEMBRANZA o 19/10/2024 no FESTIVAL DE OUTONO A   | 3340                      | 22609 |

|             |          |                |          |         |           |  |   |   |       |
|-------------|----------|----------------|----------|---------|-----------|--|---|---|-------|
| F/2024/5527 | 26/12/24 | 1240620822     | 18/12/24 | 222,93  | G28029643 | AUTORES E EDITORES<br>SOCIEDADE XERAL DE<br>AUTORES E EDITORES | LEMBRANZA.<br>Dereitos do concerto de REINAS MALAS o 26/10/2024 na programación ELAS SON ARTISTAS.                      | 2310  | 22609 |
| F/2024/5528 | 26/12/24 | 1240620178     | 17/12/24 | 244,2   | G28029643 | SOCIEDADE XERAL DE<br>AUTORES E EDITORES                       | Dereitos do espectáculo COACHES DE CHOQUE o 21/09/2024 dentro da programación da Rede Cultural da Deputación A Coruña.  | 3340  | 22609 |
| F/2024/5529 | 26/12/24 | 1240620821     | 18/12/24 | 119,69  | G28029643 | SOCIEDADE XERAL DE<br>AUTORES E EDITORES                       | Dereitos da representación o 20/10/2024 MELOCOTON EN ALMIBAR (TEATRO ARTESANO) en acto a favor da Cruz Vermella.        | 3340  | 22609 |
| F/2024/5537 | 27/12/24 | 2024/54 005318 | 26/12/24 | 1984,7  | B70398433 | GASOLEOS SAN MARCOS, S.L.                                      | Subministro de 2230 litros de gasóleo C para a Piscina Municipal.   | 342   | 22103 |
| F/2024/5549 | 30/12/24 | Emit- 55       | 30/12/24 | 317,46  | B70477294 | INSTALACIONES JULIO<br>VILLANUEVA S.L.                         | Substitución de sonda e manómetro na caldeira das dependencias de Servizos Sociais.                                     | 2310  | 21300 |
| F/2024/5578 | 30/12/24 | 14/2024        | 02/11/24 | 1000    | G15862956 | ASOCIACION MUSICA Y DANZA<br>TRADICIONAL QUEIROA               | Organización da Foliada de Sada na Lonxa o sábado 02/11/2024.   | 3340  | 22609 |
| F/2025/11   | 07/01/25 | 01 43          | 31/12/24 | 435,6   | B70323134 | DAVIRYS S.L.   | Asistencia por servizos no Cemiterio Municipal os días 19, 20 e 31 de decembro de 2024.                                 | 164   | 22799 |
| F/2025/129  | 08/01/25 | AM 64673       | 31/12/24 | 573,3   | A15943863 | TORNEIRO MAQUICORUÑA, S.A.                                     | Aluguer (18/12/2024 - 23/12/2024) de valos para a Carreira Nocturna.  | 341   | 22609 |
| F/2025/130  | 08/01/25 | RM 6513        | 31/12/24 | 5,61    | A15943863 | TORNEIRO MAQUICORUÑA, S.A.                                     | Subministro de filtro gas-oil RT16 para a pala Dumper Piquersa da Brigada de Obras.                                     | 9201  | 21300 |
| F/2025/131  | 08/01/25 | VM 48236       | 31/12/24 | 133,1   | A15943863 | TORNEIRO MAQUICORUÑA, S.A.                                     | Subministro de metacrilato branco 2.05x1.02 para a pala Dumper Piquersa da Brigada de Obras.                            | 9201  | 21300 |
| F/2025/139  | 09/01/25 | 2241058024     | 31/12/24 | 847     | A28782936 | UNIPREX, SAU   | Campaña de Nadal para promoción do comercio local.  | 439   | 22602 |
| F/2025/160  | 09/01/25 | 207 2490088    | 30/12/24 | 316,06  | A15145535 | HORMIGONES BERGANTIÑOS,<br>S.A. (HORBESA)                      | Subministro de 2,5 unidades de formigón HA-25/B/12/XC2 para beirarrúas no Vilar - Meirás.                               | 453   | 21000 |
| F/2025/193  | 14/01/25 | AP 241186      | 31/12/24 | 450     | B15864671 | AMBULANCIAS APOSTOL<br>CORUÑA, S.L.                            | Cobertura sanitaria e traslados en ambulancia durante o Campionato de Iudo o día 14 de decembro de 2024.                | 341   | 22609 |
| F/2025/194  | 14/01/25 | AP 241187      | 31/12/24 | 450     | B15864671 | AMBULANCIAS APOSTOL<br>CORUÑA, S.L.                            | Cobertura sanitaria e traslados en ambulancia para a Carreira Nocturna o 20 de decembro de 2024.                        | 341   | 22609 |
| F/2025/195  | 14/01/25 | AP 241188      | 31/12/24 | 600     | B15864671 | AMBULANCIAS APOSTOL<br>CORUÑA, S.L.                            | Cobertura sanitaria e traslados en ambulancia en CROSS DE MONDEGO o día 1 de decembro de 2024.                          | 341   | 22609 |
| F/2025/217  | 03/01/25 | 1965625RI      | 31/12/24 | 285,75  | A48081194 | INDUSTRIAS JUNO S.A.   | Subministro de 2 NOVOKRIL SATINADO BRANCO para repintado da Casa do Pobo de O Castro.                                   | 337   | 21200 |
| F/2025/223  | 03/01/25 | 1965626RI      | 31/12/24 | 248,58  | A48081194 | INDUSTRIAS JUNO S.A.   | Subministro de 4 LASUR ACUOSO CASTAÑO para repintado da Pista de Patinaxe.  | 342   | 21200 |
| F/2025/226  | 17/01/25 | AP 241195      | 31/12/24 | 250     | B15864671 | AMBULANCIAS APOSTOL<br>CORUÑA, S.L.                            | Cobertura sanitaria e traslados en ambulancia en actividade de limpeza de fondos mariños no porto de Sada o 27/10/2024. | 1729  | 22799 |
| F/2025/228  | 03/01/25 | 1965627RI      | 31/12/24 | 124,29  | A48081194 | INDUSTRIAS JUNO S.A.   | Subministro de 2 LASUR ACUOSO CASTAÑO para barnizado de papeleiras e plataformas lavapés das praias do Concello.        | 1722  | 21500 |
| F/2025/229  | 08/01/25 | F242245        | 30/12/24 | 304,92  | B70554282 | GRUPO NOSIR, S.L.  | Subministro de 15 rexillas galvanizadas 100x13 cm para a Pista de Patinaxe.   | 342   | 21200 |
| F/2025/230  | 08/01/25 | F242246        | 30/12/24 | 2003,59 | B70554282 | GRUPO NOSIR, S.L.  | Subministro de diverso material de construción para amaño de beirarrúas en Sadarriba e en O Vilar - Meirás.             | 1532.0.21000 (539,00 €)<br>453.0.21000 (1.464,59 €) |       |
| F/2025/231  | 08/01/25 | F242247        | 30/12/24 | 128,02  | B70554282 | GRUPO NOSIR, S.L.  | 2 portarrollos, 2 escobilleiros, 1 espello redondo, cinta carroceiro, broca e toxinos para antigas Escolas de Carnoedo. | 337   | 22199 |
| F/2025/232  | 08/01/25 | F242248        | 30/12/24 | 1630,43 | B70554282 | GRUPO NOSIR, S.L.  | Subministro de diverso material de ferraxería para reposición da Nave de Obras.   | 9201  | 22199 |
| F/2025/242  | 10/01/25 | 24FF00015404   | 27/12/24 | 1250    | B15147523 | JOANMI, S.L.   | Subministro de 1300 litros de gasóleo C para a caldeira do Edificio Administrativo.                                     | 9200  | 22103 |
| F/2025/245  | 17/01/25 | 24/00962       | 09/12/24 | 320,65  | 32789625C | ANTONIO ORRO CANLE   | Servizo de limpeza dos vestiarios do pavillón de Mondego o 01/12/2024 despois do Cross de Mondego 2024.                 | 341   | 22609 |
| F/2025/246  | 17/01/25 | 24/000857      | 05/11/24 | 1179,75 | 32789625C | ANTONIO ORRO CANLE   | Limpeza final da obra dos vestiarios do pavillón municipal (35 horas de traballo, 5l desincrustante e demais material). | 342   | 22700 |
| F/2025/247  | 17/01/25 | 24/00762       | 03/10/24 | 726     | 32789625C | ANTONIO ORRO CANLE   | Servizo de limpeza do pavillón municipal, setembro 2024.  | 342   | 22700 |
| F/2025/248  | 17/01/25 | 24/00851       | 05/11/24 | 726     | 32789625C | ANTONIO ORRO CANLE   | Servizo de limpeza do pavillón municipal, outubro 2024.   | 342   | 22700 |
| F/2025/249  | 17/01/25 | 24/00852       | 05/11/24 | 726     | 32789625C | ANTONIO ORRO CANLE   | Servizo de limpeza do pavillón de Mondego, outubro 2024.  | 342   | 22700 |
| F/2025/250  | 17/01/25 | 24/00853       | 05/11/24 | 484     | 32789625C | ANTONIO ORRO CANLE   | Servizo de limpeza do pavillón Mariña Española, outubro 2024.   | 342   | 22700 |
| F/2025/257  | 17/01/25 | 24/01056       | 31/12/24 | 181,5   | 32789625C | ANTONIO ORRO CANLE   | Servizo de limpeza de polvo de graffiti no chan do pavillón municipal.  | 342   | 22700 |
| F/2025/274  | 22/01/25 | 2023G0001170   | 22/12/23 | 145,2   | B35074681 | LA OPINION DE LA CORUÑA,                                       | Publicidade HIPERLOCALISMO CONCELLO DE SADA no diario La Opinión A Coruña, decembro                                     | 432   | 22602 |

|            |          |                        |          |           |           |  |   |   |       |
|------------|----------|------------------------|----------|-----------|-----------|--|---|---|-------|
| F/2025/278 | 23/01/25 | 3                      | 22/01/25 | 700       | G15850381 | S.L.U.<br>ASOCIACION DE LA TERCERA<br>EDAD A LEMBRANZA     | 2023.<br>Actuación Coral da Terceira Idade A Lembranza na misa cantada o 17/8/2024 e Concerto Coral o 15/8/2024 Festas San Roque. | 338   | 22626 |
| F/2025/295 | 27/01/25 | 603                    | 31/12/24 | 451,62    | B70185640 | FERRETERIA RO-MI-A, S.L.                                   | Subministro de diverso material de ferraxería para reposición da Nave de Obras e Servizos.  | 9201  | 22199 |
| F/2025/296 | 27/01/25 | 604                    | 31/12/24 | 95,86     | B70185640 | FERRETERIA RO-MI-A, S.L.                                   | Subministro parafusos, porcas, cinta, manguera Iberflex e regletas de conexión para amaños nos bombeos de saneamento.             | 160   | 21300 |
| F/2025/297 | 27/01/25 | FV505/2025/01/0<br>001 | 27/01/25 | 1375      | B10922003 | ALDA HOTELS HOSTELERIA S.L                                 | Servizo de restauración para a cea de Nadal da Banda Municipal de Música de Sada o 23/11/2024.                                    | 3341  | 22601 |
| F/2025/428 | 03/02/25 | MO-25 10               | 31/01/25 | 879,48    | A15035413 | TECNORED S.A.  | Amaño de alumeado público o 30/12/2024 por sinistro sen identificar en O Castro 13. (Aviso dado por Policía Local).               | 165   | 21000 |
| F/2025/431 | 03/02/25 | 2024/0220              | 31/12/24 | 1815      | 32394134Z | AGUSTIN VAZQUEZ CARRO                                      | Xestión contenedores escombros obras retirada gradas C.Fútbol Carnoedo, retirada palmeiras CEIP Mosteirón e acopio varias.        | 312.0.22799 (165,00<br>€)<br>9201.0.22799 (990,00<br>€)<br>3230.0.22799 (660,00<br>€) |       |
| F/2025/434 | 04/02/25 | Xantar 3ªT2023         | 21/11/23 | 3822,72   | S1500072B | CONSORCIO GALEGO DE<br>SERVIZOS DE IGUALDADE E<br>BENESTAR | Cofinanciamento Xantar na Casa dos meses xullo, agosto e setembro do 2023   | 2310  | 46701 |
| F/2025/435 | 04/02/25 | Xantar 2ªT 2024        | 30/06/24 | 4334,88   | S1500072B | CONSORCIO GALEGO DE<br>SERVIZOS DE IGUALDADE E<br>BENESTAR | Cofinanciamento Xantar na Casa dos meses abril, maio e xuño 2024  | 2310  | 46701 |
| F/2025/754 | 14/02/25 | COR- 335               | 13/02/25 | 646,3     | G15103500 | FEDERACION GALEGA DE<br>ATLETISMO                          | Canon de inscrición e control técnico Comité Galego de Xuices na Carreira Nocturna o 20 de decembro de 2024.                      | 341   | 22609 |
| F/2025/755 | 14/02/25 | COR- 339               | 14/02/25 | 270,7     | G15103500 | FEDERACION GALEGA DE<br>ATLETISMO                          | Canon inscrición e licenzas de día seguro atletas non federandos para o Cross de Mondego o 1 de decembro de 2024.                 | 341   | 22609 |
| TOTAL      |          |                        |          | 48.704,48 |           |  |   |   |       |

».

Intervén a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, quen fai unha descrición moi breve, dicindo que son gastos executados, todos eles conformados, con facturas presentadas polo provedores en decembro ou incluso en xaneiro e febreiro do 2025 e que polo tanto obrigan á Administración a aprobalos e pagalos.

Intervén o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), quen con respecto do interventor exprésase nestes termos: *“boa noite, si, boa noite outra vez, outra..., tiña preparada esta intervención antes de que xurdira o tema do interventor, porque si que a verdade é que nos mandou..., agradecerlle ao interventor que nos mandou unha mensaxe por WhatsApp, que estaba dispoñible, que non podía vir a este pleno e que o chamáramos cando quixeramos, a verdade é que sentín..., agradecer a súa profesionalidade, expresar publicamente o agradecemento a ese tema de un dos funcionarios máis importantes do concello pero está a disposición nosa e para servirnos, que é o que ten que facer, pero vamos, que agradecerllo publicamente”*, continúa a manifestar o seu desexo de recuperación en saúde das compañeiras Almudena e Salorio (as concelleiras sras. Pena e Salorio, hoxe ausentes) e expresa que hai facturas que non son previsibles pero considera que hay aspectos tamén mellorables na xestión que pide que se melloren segundo as indicacións do interventor.

Intervén a sra. Arias Ferreiro (PP), quen di que neste concello o recoñecemento extraxudicial en vez de ser unha medida extraordinaria é xa unha medida que se utiliza como algo común, que está ben que as facturas estean conformadas e demais pero resalta como interesante que algunhas seguen a estar sen proposta de gasto, así como a urxencia que xustifica a meirande parte destas facturas, que exemplifica dicindo que non sabe onde está a urxencia dun porta-rolos e un espello redondo, que deberan estar orzamentadas á hora de facer obras ou reformas ou crear novos espazos, que sempre que vén o extraxudicial os argumentos son os mesmos, cantidades semellantes aos mesmos provedores e dunha maneira repetitiva, apuntando ao que iso significa, e conclúe que non han apoiar esta xestión pero que queren que a xente cobre, polo que adianta, a sabendas de que ha saír adiante a proposta, que o seu grupo hase abster.



Intervén a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen por non repetir o que xa se comentou de como son estas urxencias, indica que lles chama a atención ao seu grupo municipal concretamente unhas facturas que aparecen por facer servizos de enterramento, porque di que cando hai case un ano se lle preguntou ao sr. Fariña Andrade (concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente) se non existían operarios que estaban a cobrar no seu complemento específico (complemento de posto de traballo) para substituír ao enterrador respondeu que si pero que non estaban suficientemente preparados para facer ese traballo e que estaban en negociacións porque hai que formar á xente para traballar nisto, e lembra que están a cobrar ese complemento específico desde o ano 2007 e que estamos no 2025, que a formación xa leva un tempo, e ademais indica que o concello ten xa desde o mes de xullo dúas sentenzas nas que un xuíz, que non eles, di que estas persoas teñen que facer esas funcións e con todo o que se fai é contratar a xente externa para facer un traballo que se está a cobrar dobremente, tanto pola xente externa que está a facer o traballo polo que ten dereito a cobrar como pola xente que está a cobrar no seu específico por non facer o traballo que corresponde, referíndose á alegría coa que se tratan os fondos públicos e que considera que aquí case que podería estar tipificado no Código Penal, se non é de presunta prevaricación desde logo de presunta malversación de fondos públicos, e anuncia por ese motivo a abstención do seu grupo e que haberá que valorar que medidas tomar ao respecto de continuar a situación desta maneira.

Intervén o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, facendo un comentario a resultados da intervención do sr. Graña sobre as facturas, indicando sobre o labor para os efectos do concello que moitas veces non está nas súas mans, que son as propias entidades quen teñen que emitir as facturas en tempo e forma, referíndose nomeadamente ao caso da SGAE (*Sociedad General de Autores y Editores*), un caso di que recorrente, para indicar que se non lembra mal o ano pasado as súas facturas chegaron fóra de prazo, chegaron no ano 2024 e por unha contía bastante elevada, mentres que este ano, sabedores do que viviron o ano pasado por ese atraso, unicamente imputable a eles, neste caso aos seus traballadores, aos seus administrativos desta zona, pensa que este ano si presentaron todo moitísimo mellor, téndose pagado todo co orzamento do 2024, xa que estaba todo previsto, que cre que lles quedaron tan só aproximadamente setecentos euros en facturas que meteron a principios de 2025, insiste en que non poden facer nada máis que ter o orzamento preparado, insistir, chamar, advertir da dificultade de cobralos en caso de cambiar de exercicio fiscal, pero que ata aí chega o traballo do concello, que máis non poden facer.

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: 7 (4 UPSA e 3 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

Único.- A autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas e resto de documentos incluídos no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 48.704,48 €.

## **6º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.**

### **A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 27 de xaneiro (núm. 159) ata o 20 de febreiro do 2025 (núm. 352).**

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 27 de xaneiro (núm. 159, do expediente 2025/G003/000168) ata o 20 de febreiro do 2025 (núm. 352, do expediente 2025/G003/000359), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

### **B. Mocións.**

Non se presentaron.

### **C. Rogos e preguntas.**

Polo grupo municipal mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), fai os seguintes rogos:

1º) Roga con respecto do vindeiro 8 de marzo, o Día Internacional da Muller, que o goberno municipal prepare unha declaración institucional para os efectos sobre dese día consensuada con todos os grupos políticos municipais con representación no concello e en torno ao lema deste ano da ONU, *Para as mulleres e nenas en TODA a súa diversidade: Dereitos, igualdade e empoderamento*.

2º) Roga que se elabore un inventario e unha planificación para mellorar a seguridade nos puntos críticos por risco para os peóns no termo municipal por contar con beirarrúas ou beiravías moi estreitas, como segundo di ocorre sobre todo nas zonas rurais ou *semirrurais*, tales como Meirás, Fortiñón (Mondego) ou Taibó (Carnoedo).

3º) Roga que se poña máis atención no que respecta á corta e saca de madeira, polos danos que se ocasionan que redundan en amaños e gasto públicos.

O sr. Graña formula tamén as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta polo estado do Centro de Formación Ocupacional (CFO) de Osedo, do que di que está case rematado e do que non se está a facer uso.

2ª) Pregunta para cando ha estar operativa e funcional a Escola de Carnoedo.

3ª) Pregunta para cando han estar a relación de postos de traballo (RPT) e máis o orzamento deste ano.

Contesta ás preguntas o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

Antes de comezar cos rogos e coas preguntas do seu grupo municipal, a sra. Arias Ferreiro (PP) fai dous comentarios: o primeiro, referido ao que se acaba de dicir da RPT e ao traballo que se está a facer da Cañota por parte de Urbanismo co 50% do seu cadro de persoal, coa correspondente acumulación de traballo que lles supón tanto a eles como tamén para a Secretaría, que di que hai que o ter moi en conta, e que considera que en parte vén tamén de que ninguén quere vir aquí porque as condicións de traballo nada teñen que ver coas doutros concellos, especialmente cando se trata do complemento específico; o segundo, en alusión ao que dixo o sr. Graña para o caso de facer unha declaración institucional con relación ao 8 de marzo, dicíndolle ao sr. Graña que lle encantaría que un día fose el en lugar dela quen preguntase polo acordo plenario do centro de información da muller, malia que é certo que el e máis o grupo de Sadamaioría se abstiveran para pedilo para aquí, porque (as mulleres) de Sada di que seguen a ter que ir a Coirós para recibir ese tipo de atención aínda que Sada ten 17.000 habitantes, perdendo Sada moito diñeiro que dá agora mesmo a Xunta para estes centros, deixando axudas para as mulleres e para persoas que necesitan unha axuda psicolóxica, laboral ou de Dereito.

Deseguido, polo grupo municipal do PP, a sra. Arias Ferreiro formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta por que e canto ha constar á veciñanza seguir a xestionar o tratamento dos residuos coa planta de Nostián, que cualifica de ilegal e irregular e que leva sen reciclar moito tempo, cun sistema baseado no húmido-seco que segundo di está penalizado pola Unión Europea, polo que o *Ministerio de Transición Ecolóxica* está a chamar a atención por estarse a facer mal e polo que mesmo a Xunta de Galicia anunciou que han caer sancións logo das inspeccións que efectuaron.

2ª) Pregunta por que non hai un retén e mesmo o prometido novo camión de saneamento para os efectos de poder solucionar as situacións de urxencia, como obriga a Lei, en lugar de ter que costear servizos externos sub-contratados a un alto custe.

3ª) Pregunta en que punto está a ampliación do colexio de *Sada y sus Contornos*, sobre o que di que hai informacións erróneas que pide que se aclaren.

4ª) Pregunta como se atopa o solicitado pase do posto da garda civil á categoría de posto principal, para a mellora da seguridade cidadá.

Polo grupo municipal do PP, a sra. Val Armesto continúa a facer máis preguntas:

5ª) Pregúntalle ao concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá, sr. Berrocal Fariña, polo balance que fai da última campaña de san Valentín en canto a planificación e resultados.

6ª) Pregúntalle tamén ao dito concelleiro en que punto está a obra da avenida do Párroco Villanueva.

O sr. Lonja Tajés, tamén polo grupo municipal do PP, formula a seguinte pregunta:

7ª) Pregunta por que está apagada no paseo marítimo toda a fase da iluminación pública estremeira cos aparcadoiros, así como en parte das parroquias, se é algo que vai por fases.

Continúa o sr. Lonja, facendo os seguintes rogos polo grupo municipal do PP:

1º) Roga que se preste atención á limpeza, sinalando para os efectos que a limpeza das gaviás nas parroquias é inexistente, o que di que provoca o seu desbordamento coas chuvias e en consecuencia lama nas estradas co conseguinte perigo de tráfico; que non hai papeleiras ou que se atopan en mal estado en parte de Sada, sobre todo na zona da Tenencia, e máis a necesidade de atención para estes efectos nos puntos dos contedores do lixo.

O sr. España López continúa tamén cos rogos, polo grupo municipal do PP:

2º) Roga que se lle dea contestación a en que punto se atopan os contratos e a licitación da empresa que leva o servizo de limpeza viaria e xardinería, Lote 1 e Lote 2.

A sra. Arias fai tamén o seguinte rogo polo grupo municipal do PP:

3º) Roga que se regule, de ser o caso de non o estar, e se non di que o seu grupo ha propoñer algo para os efectos, o necesario para poder facer algún tipo de recoñecemento polas súas achegas a moitísimos exemplos de persoas de talento locais que deixaron a súa pegada e que son embaixadores do concello por todo o mundo e que son exemplos para seguir, como nomeadamente cita ao acuarelista (Manuel) Gandullo, ou persoas que xa non están como (o pintor Eduardo Fernández) Rivas, como o músico (suízo asentado en Sada) Jean Daniel (Golaz Bercher), como (a artista) Ana Sastre ou como Sergio Vázquez, como humanista do deporte, así como a moitas outras persoas.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), contesta ás preguntas sobre Nostián e sobre a obra na avenida do Párroco Villanueva.

O sr. Berrocal Fariña, concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá, manifesta que contestará por escrito ás preguntas relacionadas coas súas delegacións.

Intervén a sra. Arias Ferreiro, dicindo que non se lle deu contestación á pregunta sobre se hai retén de urxencia por exemplo nas fins de semana e de non o haber por que; así como para facer un breve apunte sobre Nostián.

Contesta sobre o retén o sr. Fariña Andrade, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente.

Intervén o sr. García López (UPSA), quen antes de formular a súa pregunta e de expoñer o seu rogo manifesta que quere sumarse á iniciativa da sra. Arias falando de persoeiros e sobre todo di que para aproveitar para ter unha acordanza para unha das antes nomeadas como di que é o caso da súa ex-profesora Ana Sastre.

Deseguido, polo grupo municipal UPSA, o sr. García López formula a seguinte pregunta:

1ª) Pregunta (semella que de maneira retórica, en relación á intervención no punto 5º da voceira do seu grupo, sra. Nogareda Marzoa) polos anos de formación que son necesarios para enterrador, poñendo algúns exemplos para a comparanza (a FP, os novos graos universitarios co sistema de Bolonia, carreiras como Medicina ou un doutorado universitario).

O sr. García fai tamén o seguinte rogo polo grupo municipal APSU:

1º) Roga que a próxima vez se lle comunique ao seu xuíz que o motivo de suspensión das vistas no seu traballo é o escaso tempo de aviso de que non pode acudir ao seu posto de traballo e polo tanto non se poden celebrar as vistas de primeira hora da mañá. Introduce o rogo facendo unha alusión a un incidente ocorrido entre o presidente, sr. Portela Fernández, e o concelleiro do PP, sr. España López, á saída da última sesión plenaria extraordinaria e urxente, celebrada o pasado venres día 7 de febreiro ás 08.30 horas, en que o sr. España se tería queixado desta convocatoria dicindo que *estos plenos a mí me cuestan dinero; esto no te lo perdono* e o sr. Portela ter contestado *si no lo puedes compatibilizar, no vengas*; intervindo os dous para aclarar o ocorrido.

Intervén a sra. Nogareda Marzoa, por parte do grupo municipal APSU, interesándose en primeiro lugar polo non contestado que foi referido en sesións anteriores:

a) Interésase pola posta a disposición de todos os expedientes sobre a situación das licitacións que di que continúan a non os recibir e ao que contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM), que se lles enviaron a totalidade dos expedientes de contratación de servizos que se sacaron de 2023 e 2024 por correo electrónico onte pola tarde a todos os grupos a través do seu secretario particular. A sra. Nogareda pregunta sobre a competencia para efectuar ese envío de expedientes por parte do secretario particular e a secretaria indica que habería que analizar o caso concreto baixo a protección de datos.

b) Interésase tamén polas facturas que se lles habían transmitir en relación á conta xeral e todos os reparos. O presidente, sr. Portela, contesta que as facturas están en Intervención.

c) Interésase tamén pola relación oficial de todas as obras di que ben feitas que habían traerse, e máis que dela pode quitarse a do Tarabelo por como di que estaba a bombear estes días para o río.

d) Así mesmo interésase polo envío da documentación á Valedora do Pobo con respecto de rozar na avenida do párroco Villanueva, número 25, logo de que os veciños teñan recibido unha comunicación desa institución dicindo que *O concello de Sada persiste na súa actitude de non enviar a información requirida en relación á súa queixa, a pesar de que a demandamos en tres ocasións*, polo que lle pregunta ao presidente, sr. Portela, se ha enviála mañá á Valedora e o presidente contesta que xa se rozou e que se enviará a documentación.

Deseguido, a sra. Nogareda formula a seguinte pregunta polo grupo municipal APSU:

2ª) Pregunta se se podería aclarar un pouco como ha ser o proxecto de instalar en xuño a renovación do céspede artificial do campo de fútbol que hai en Sada (Campo de Fútbol Municipal As Mariñas – Andrés Pena).

2º) Roga que se tome máis en serio e apure o relacionado coas intervencións na capela de san Roque, sobre todo no que atinxe á seguridade das persoas, con base no que está publicado en relación á licitación da súa estabilización e nomeadamente no contido do informe técnico emitido para os efectos o 31 de xaneiro do 2024, que recolle que *A la vista de los desplomes que presenta la fachada principal y el hundimiento detectado resulta necesario acometer el acodamiento de la fachada para reducir el riesgo de vuelco y garantizar la seguridad de las personas*, así como que *Los daños reproducen las existentes con anterioridad a los trabajos realizados de acuerdo con el proyecto de conservación y mantenimiento de diciembre de 2016, que consistieron entre otros aspectos en el repicado de mortero, sellado de las grietas y restitución del mortero sin actuar sobre la causa del problema, por lo que el problema detectado en la actualidad no es de reciente aparición*, malia que a capela pechouse, di, logo de pasar o 15 de xaneiro do 2025, un ano despois, así como de se ter vindo a gastar en sucesivas medidas levadas a cabo ata o de agora que non foron as adecuadas para solucionar o problema que presenta que é de carácter estrutural.

A continuación, a sra. Nogareda continúa a formular preguntas polo grupo municipal APSU:

3ª) Pregunta pola obxectividade ou non do alcalde en relación cunha presunta desigualdade de trato para o caso da obriga dos pagamentos das taxas por fotocopias (que mesmo tamén indica que non a hai para o caso das solicitudes pola vía electrónica), de se o seu pagamento depende de se son ou non os seus amigos, relatando uns recentes feitos para os efectos protagonizados por un veciño que solicitou a copia duns expedientes e que di que manifestou o seu descontento neste senso logo de que o chamase persoalmente o alcalde, sr. Portela, quen o confirma, para recoller nun caso a dita copia sen ter que aboar nada e noutro caso informándolle de ter que o facer.

4ª) Pregunta en relación coa protección de datos se o propio alcalde manda *WhatsApps* con expedientes do concello a veciños e veciñas, se é unha cuestión de ter amizade co alcalde, e indícalle que teña conta porque poderían ser susceptibles de denuncia ante a Axencia Estatal de Protección de Datos (AEPD).

Deseguido, a sra. Nogareda fai un comentario crítico polo que atinxe ao control que di exhaustivo do número das preguntas e rogos que se efectúan a quen traballa para a veciñanza, que abre as institucións á xente, cando como oposición están tamén a transmitir as inxedanzas que os veciños e as veciñas lles transmiten a eles, e mesmo chega a cualificar de caciquil non responder ás preguntas, que un alcalde demócrata responde ao que inquieta á veciñanza e non se oculta atrás dun ROM para limitalas, deixando caer tamén que ao mellor habería que valorar cambiar o ROM para estes efectos.

A sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude, contesta con relación ao preguntado sobre o campo de fútbol, indicándolle á sra. Nogareda que pensa que hai unha confusión que está a tratar de aproveitar como fai, di, de forma habitual, que houbo unha reunión co club na que eles preguntaron se se había cambiar o céspede no mes de xuño para programarse e se lles dixo que se había redactar un proxecto e que aínda que non se sabía que era difícil que para xuño puidese estar o proxecto rematado, os cartos dispostos e a licitación feita.

O sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, fai aclaracións con respecto do rogo referente á capela de san Roque, indicando que finalmente unha empresa presentou correctamente unha oferta e hoxe mesmo presentou a documentación que se lle requiriu para os efectos, que agora mesmo está en intervención para a súa fiscalización previa á adxudicación e polo que entende que dentro do problemático do problema vai saíndo todo ben e ben encamiñado; e di tamén que a sra. Nogareda trataba de confundir as datas de cando el foi concelleiro nunha etapa anterior.

O sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, contesta con relación ao preguntado sobre o enterrador que están a tardar en demasía pero que espera telo solucionado en breve e que mentres tanto o servizo se seguirá a prestar.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), contesta tamén con relación o campo de fútbol que han intentar facelo canto antes, pero que difícil en xuño ou no verán, aínda que o intentarán porque o proxecto téñeno encargado e seguen a traballar, pero que o que non han é comezar coa tempada, así é que se non pode ser este ano quedará para o ano que vén, que iso foi o que se lles dixo; e sobre o preguntado acerca da protección de datos di que non recorda expedientes privados e con datos persoais que el lle facilitara a calquera veciño.

No transcurso das contestacións intervén e ocasións a sra. Nogareda dicindo que o fai por alusións, producíndose algunha polémica.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 48 minutos do día xoves 27 de febreiro do 2025, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións (mais faise constar que por motivos técnicos non hai son ata as 00:11:05 horas do tempo da gravación), que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).